

GRAO EN ENXEÑARÍA DE TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN

NORMATIVA PARA A REALIZACIÓN DE

PRÁCTICAS EN EMPRESAS

ANTECEDENTES

Mediante o *Real Decreto 1707/2011* do 18 de novembro regúlanse as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios. E a Universidade de Vigo, ao amparo de dito Real Decreto, aproba na sesión de Consello de Goberno do 24 de maio de 2012 o *Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo*.

Estes dous documentos constitúen os textos básicos que recollen a meirande parte das regras que nos incumben; no entanto, non están completos:

O Artigo 4.2 do regulamento da Universidade de Vigo dispón que a Xunta de Centro regulará as prácticas externas curriculares do alumnado das titulacións que lle competan; e, para iso, aprobará o regulamento ou regulamentos internos que precise.

Nestes regulamentos específicos de titulación deberá definirse:

- a) O procedemento de oferta e difusión das prácticas externas entre o alumnado a que sexan destinadas, axustado ao recollido no punto 4 do artigo 17 do Real decreto 1707/2011.
- b) O procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora en que se realizarán as practicas.
- c) O procedemento de adxudicación do profesorado titor académico de prácticas.
- d) As responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica a que se refire o artigo 6 do RD 1707/2011.
- e) O proceso para realizar e entregar os informes e memoria final a que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 1707/2011.
- f) O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas.

Na mesma liña, e para as prácticas extracurriculares, o artigo 5 do citado *Regulamento (de Prácticas Académicas Externas do Alumnado) da Universidade de Vigo* fala dos mesmos procedementos e procesos, pero deposita a responsabilidade da súa definición na propia Universidade de Vigo. En todo caso, prevendo que a Universidade de Vigo -ou entidade xestora que a represente (actualmente, a Fundación Universidade de Vigo)- delegue algunhas desas funcións no noso Centro (normalmente, epígrafes *c)*, *d)*, *e)* e *f)* da listaxe anterior), estas acometeranse seguindo os mesmos procedementos ou procesos definidos nesta normativa para as prácticas curriculares.

Con estes precedentes, o presente documento pretende artellar os procedementos e procesos referidos na listaxe anterior para o Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación¹. E como tal, debe considerarse só como un complemento adicional ás normativas básicas que recollen maioritariamente o marco legal para o establecemento de convenios entre empresas e universidade, as definicións das distintas entidades intervintes nas actividades, a xustificación da finalidade social das prácticas, a

¹ E algún outro detalle dos regulamentos básicos que paga a pena recordar ou que se necesita concretar/modificar.

definición e/ou artellamento de moitos dos procesos e procedementos de xestión involucrados, os dereitos e obrigas de titores e estudantes, as obrigas de empresas e universidade, etc.

NORMATIVA

Dos Tipos de Prácticas en Empresas

1. As prácticas en empresa suxeitas a esta normativa realizaranse baixo o paraugas de Programas de Cooperación Educativa; poderán ser curriculares ou extracurriculares; e incluso ser o marco baixo o cal se desenvolva o traballo de fin de grao (TFG).
2. As prácticas suxeitas a Programas de Cooperación Educativa teñen como finalidade preparar profesionalmente ao alumnado universitario nas áreas operativas das empresas para conseguir profesionais cunha visión real dos problemas e facilitar a súa incorporación futura ao traballo na sociedade.
3. A especificidade do plan de estudos do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (cunha especialización nos dous últimos cursos), e o feito de que a súa memoria defina esta actividade como una estadía nunha empresa desenvolvendo funcións propias dun/ha Enxeñeiro/a Técnico/a de Telecomunicación relacionadas co perfil profesional (mención) cursado polo alumnado (Sistemas de Telecomunicación, Telemática, Sistemas Electrónicos ou Son e Imaxe), aconsella que os destinatarios/candidatos a facer prácticas curriculares teñan que ter superado -ou polo menos afrontado- unha porcentaxe razoable do currículo específico da mención que están a estudar. En consecuencia, esixirase que o/a estudante teña superados 24 créditos das materias obrigatorias da devandita mención.
4. Para as prácticas curriculares, a validación no Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación farase por bloques de 6 ECTS, ata un máximo de 12 ECTS. O primeiro bloque esixirá un mínimo de 150 horas presenciais de traballo na empresa; e o segundo acadarase si se chega ás 240 horas totais². Para as prácticas extracurriculares aplicarase a conversión de 1 crédito ECTS por cada 25 horas presenciais.
5. O TFG poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso o titor de empresa actuará como persoa cotitora. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da titoría académica facilitar a xestión. A normativa para a realización do TFG no Grado en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación recolle todo o procedemento aplicable.
6. Cando concorran prácticas en empresa e a realización do TFG, o recoñecemento en créditos asociado ás prácticas calcularase tras restar ao número total de horas invertido na empresa o número de horas que resulten efectivas para o TFG. Por termo xeral, este último número considerarase equivalente a 6 ECTS.

² Sempre e cando sexan na mesma empresa.

Da matrícula das Prácticas (curriculares) en Empresa

7. A matrícula das materias *Prácticas en Empresa* realizarase no período oficial de matriculación dos estudos de grao.
8. O alumno, en función da duración prevista das prácticas, matricularase dunha ou dúas materias (6 ECTS cadansúa).
9. A matrícula das materias *Prácticas en Empresa* dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico. En calquera caso, a validez da matrícula das *Prácticas en Empresa* remata o último día hábil do mes de xullo. O/A alumno/a que non teña avaliada a súa memoria nesa data deberá volver a matricularse no seguinte curso académico.
10. Sempre que estea matriculado da/s materia/s “*Prácticas en empresa*”, o alumno poderá solicitar a utilización de prácticas extracurriculares xa rematadas como a actividade asociada ás prácticas curriculares que ten pendentes. Para iso, o/a estudante ten que cumprir –dende o inicio– as mesmas restricións académicas que limitan o acceso ás prácticas curriculares. Ademais as prácticas extracurriculares deberán ter sido avaliadas segundo o procedemento asociado as prácticas curriculares, pero non poderán ter sido tramitadas administrativamente (aínda non constarían como finalizadas/superadas na secretaría do centro). Para aprobar o devandito cambio, a comisión académica do grao estudará o expediente do/a estudante, o traballo desenvolvido, e a idoneidade do mesmo con respecto á mención cursada polo/a candidato/a.

Da titorización das Prácticas en Empresas

11. Poderá actuar como titor/a académico/a calquera docente da Universidade de Vigo, co visto bo da Comisión Académica do Grao.
12. O/A titor/a académico deberá consensuar e concretar co/a titor/a da empresa o proxecto formativo da práctica a desenvolver polo estudante, así como calquera cambio que se produza no plan orixinal.
13. A coordinación de prácticas en empresa da titulación será responsable da substitución do/a titor/a académico/a, temporal ou permanente, cando se dean casos de baixa prolongada ou se producise a finalización da súa vinculación coa Universidade de Vigo.
14. A titorización das prácticas en empresas ou institucións forma parte das obrigas docentes do profesorado. Como tal, a Universidade de Vigo ou a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación poderán establecer algún mecanismo para o recoñecemento desta tarefa.

Das obrigas dos alumnos durante as Prácticas en Empresa

15. O alumnado estará obrigado coa Universidade de Vigo e coa Escola de Enxeñaría de Telecomunicación a:
 - a. Comunicar calquera cambio ou circunstancia que afectase a súa condición de estudante, informando á Escola (prácticas curriculares) ou á Universidade ou entidade en quen esta delegue (prácticas extracurriculares); que será causa de baixa inmediata. Se un/ha

estudiante remata a carreira cando realiza as prácticas preprofesionais, ten que comunicarllo ao organismo correspondente (Escola ou Universidade) que determinará se debe renunciar a elas.

- b. Comunicar calquera eventualidade que se produza no transcorrer da bolsa (renuncia, inadecuación da práctica, etc.) ou calquera cambio das condicións da mesma (horario, dotación, ampliación ou redución da práctica, etc.).
- c. O alumnado non terá, en ningún caso, vinculación ou relación laboral ningunha durante a duración das prácticas coa empresa onde as vai desenvolver, sen prexuízo de que estas poidan ser interrompidas para establecer unha relación contractual.

Do procedemento de asignación de Prácticas en Empresa

16. Durante o segundo cuadrimestre de cada curso académico, a coordinación do módulo de prácticas en empresa recadará a información necesaria para elaborar unha nova oferta de prácticas orientada aos alumnos do Grao que o seguinte ano estuden cuarto curso.
17. A coordinación do módulo de prácticas en empresa contactará coas empresas e institucións axeitadas para determinar as condicións das prácticas: número de alumnos, tipoloxía/especialidade dos candidatos, lugar de traballo, funcións a desenvolver, titores de empresa, riscos laborais, posibilidade de remuneración, etc. Os posibles destinos poden ter diversas orixes:
 - a. A Dirección da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación promoverá a sinatura de convenios de colaboración educativa con empresas ou institucións.
 - b. O profesorado docente, así como o alumnado, poderá propoñer ou contactar empresas ou institucións nas que levar a cabo prácticas. De non teren convenio establecido, o/a coordinador/a de prácticas en empresas encargárase de xestionalo.
18. A coordinación do módulo de prácticas en empresa solicitará titores académicos entre o profesorado da Escola para as prácticas propostas.
19. Ao longo do segundo cuadrimestre, a coordinación do módulo elaborará unha listaxe coa oferta de prácticas en empresa, que se fará pública entre o alumnado matriculado en terceiro curso. Esta listaxe recollerá, entre outra información, as empresas ou institucións que ofertan prácticas, a descrición das tarefas a desenvolver, a duración das estadas, a posibilidade de percibir remuneración polo seu traballo, e a necesidade ou non de acudir a unha entrevista persoal (co titor/a académico asociado ou co persoal da empresa correspondente). **Dita listaxe exporase no taboleiro de anuncios e na web da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, e os estudantes terán un prazo de dez días naturais para facer chegar ao coordinador/a do módulo de prácticas en empresa o seu interese en facer prácticas nalgunha das entidades explicitadas.**
20. **Trala recepción das solicitudes, enviarase ás empresas que desexen facer o seu propio proceso de selección a información dos alumnos interesados.**
21. Se algunha empresa delega o proceso de selección na Escola, o titor/a académico –ou, no seu caso, a Comisión Académica do Grao- fará públicos os criterios razoados de priorización utilizados para decidir quen ocupará a devandita praza, que poderán incluír, entre outros, directrices indicadas pola propia empresa involucrada, a participación do alumnado na procura do acordo ou proposta de colaboración asociada e o expediente dos candidatos (sexa este global ou circunscrito ás

materias da titulación directamente relacionadas co traballo a desenvolver). En todo caso, a Escola sempre promoverá ao alumnado que pretenda facer prácticas curriculares sobre os que fan prácticas extracurriculares.

22. No Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación as prácticas curriculares son optativas e, polo tanto, a Comisión Académica do Grao aprobará o número de prazas de matrícula na materia Prácticas en Empresa para cada curso.
23. Si houberse máis candidatos “seleccionados e matriculables” (é dicir, con praza xa asignada nalgũa empresa e que cumpren as condicións especificadas no artigo 3 desta normativa) que prazas de matrícula ofertadas, a Comisión Académica do Grao poderá aumentar este último número para acomodar a todos eles, ou decidirá quen poderá matricularse da materia prácticas en empresa na seguinte convocatoria de matrícula. Neste caso, terán prioridade os alumnos que máis créditos teñan superados da titulación trala convocatoria de xullo, desempatando, si fose necesario, o expediente académico dos contendentes.
24. Si á hora de facer a matrícula houberse menos candidatos “seleccionados e matriculables” que prazas de matrícula ofertadas, a Comisión Académica do Grao determinará que outros estudantes, entre os candidatos matriculables aínda non colocados (é dicir, que cumpren as condicións especificadas no artigo 3 desta normativa), poderán matricularse, priorizando aos alumnos que máis créditos teñan superados da titulación trala convocatoria de xullo, e desempatando, si fose necesario, o expediente académico dos contendentes.
25. Aqueles estudantes sen acordo pechado, pero con dereito a matrícula, serán asociados pola Comisión Académica do Grao a algunha das prácticas non asignadas polo procedemento consensuado (prazas da listaxe vacantes), previa consulta da coordinación do módulo de prácticas en empresa .
26. Trala convocatoria de xullo, e despois de estudar o informe da coordinación do módulo de prácticas, que incluírá a proposta de asignación de estudantes a empresas, a Comisión Académica do Grao publicará a listaxe de alumnos que se poderán matricular da/s materia/s prácticas en empresa no periodo oficial. Dita listaxe exporase no taboleiro de anuncios e na web da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación; e poderase impugnar no prazo de sete días naturais diante da CAG. Unha vez analizadas as reclamacións, a CAG publicará a listaxe definitiva.
27. Aqueles estudantes que sexan seleccionados por algunha empresa, pero que non teñan dereito a matricularse da materia prácticas en empresa no periodo oficial, poderán realizar a actividade proposta como prácticas extracurriculares.
28. Os estudantes seleccionados deberán contactar coa coordinación da materia de prácticas en empresas para asinar o seu compromiso de estudante en prácticas. Este compromiso recollerá, como mínimo, os seguintes aspectos:
 - a. Empresa ou institución de acollida, incluíndo a dirección do centro da actividade.
 - b. Datas de comezo e final das prácticas.
 - c. Xornada de actividade.
 - d. Nome do titor de empresa.
 - e. Descrición das tarefas.
 - f. Remuneración, no caso de habela.
 - g. Compromiso de confidencialidade, de ser necesario.

29. As prácticas en empresa comezarán, de xeito regular, no curso seguinte. Deste modo, o alumnado seleccionado poderá matricularse da materia “Prácticas en Empresa” no período de matrícula regular.
30. Excepcionalmente, o alumnado poderá comezar, ou realizar integramente, as prácticas durante o período de verán. Neste caso, a matrícula efectuaríase a posterioridade, no período regular.
31. Un/unha estudante poderá solicitar cambio na titorización das súas prácticas en empresa, mediante escrito xustificado dirixido á coordinación do módulo. A Comisión Académica do Grao estudará estas solicitudes e, se procede, aceptará os cambios propostos.

Da avaliación e cualificación das Prácticas en Empresa

32. Ao remate da actividade, o/a alumno/a deberá entregar unha memoria explicativa das actividades realizadas durante as prácticas, especificando a súa duración, as unidades ou departamentos da empresa na que se realizaron, a formación recibida (cursos, programas informáticos, etc.), o nivel de integración dentro da empresa e as relacións co persoal da mesma.
33. A memoria debe incluír tamén un apartado de conclusións, que conterá unha reflexión sobre a adecuación das ensinanzas recibidas durante a carreira para o desempeño da práctica (aspectos positivos e negativos máis significativos relacionados co desenvolvemento das prácticas). Valorarase, ademais, a inclusión de información sobre a experiencia profesional e persoal obtida coas prácticas (valoración persoal do aprendizaxe conseguido no tempo das prácticas, e suxestións ou aportacións propias sobre a estrutura e funcionamento da empresa visitada).
34. A memoria poderá redactarse en calquera dos idiomas oficiais da Universidade, ou en inglés por seren idioma universal no ámbito.
35. O/A titor/a da empresa entregará un informe valorando aspectos relacionados coas prácticas realizadas polo alumno: puntualidade, asistencia, responsabilidade, capacidade de traballo en equipo e integración na empresa, calidade do traballo realizado, etc.
36. O/A titor/a académico entregará ao/á Coordinador/a de Prácticas en Empresas un informe cunha proposta de cualificación razoada, na que valore a memoria entregada polo/a alumno/a, o informe do/a titor/a de empresa e maila adecuación á titulación das tarefas desenvolvidas.
37. O/A Coordinador/a de Prácticas en Empresa, en función dos informes recibidos, outorgará a cualificación final da materia correspondente. Neste proceso poderá contar coa axuda dos titores académicos, aos que poderá reunir para graduar a cualificación de tódolos alumnos participantes na materia en cada curso académico.
38. A cualificación terá en conta a calidade científica e técnica da memoria presentada, o informe do/a titor/a de empresa e o nivel de adquisición de contidos e competencias específicos da titulación e de competencias transversais.
39. O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación final numérica de 0 a 10 segundo a lexislación vixente (Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro; BOE 18 de setembro).

Dos documentos oficiais relacionados cos procesos de xestión involucrados

40. O *Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo* e as Resolucións reitorais subseguintes que establecen os procedementos para o desenvolvemento desta actividade, incorporan xa uns textos/modelos/formularios xenéricos para todos os trámites administrativos que haxa que acometer nas diferentes etapas do proceso (convenio de cooperación educativa “tipo”, ficha da empresa e demais documentos para a formalización, seguimento e acreditación das prácticas: convocatoria de bolsas de prácticas, formalización da práctica académica externa, informe do titor/a da empresa, informe do estudante, informe do titor/a académico/a e certificado acreditativo da realización de prácticas académicas externas).

Da modificación e/ou interpretación deste regulamento

41. A Comisión Académica do Grao é o órgano no que reside a facultade de modificar os termos desta normativa e de interpretar aqueles aspectos que, no seu desenvolvemento práctico, xeren dúbidas.